



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000003

Ref.:SEC

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO: ACLARACIÓN BASES: PRAZA DE ARQUITECTO/A (OEP 2020)

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante decreto 1763/2021, do 21 de outubro, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego do concello das Pontes apróbase definitivamente a lista de persoas admitidas e excluídas e determínase a composición do tribunal do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de persoal funcionario/a de carreira de arquitecto/a vacante no cadro de persoal do concello. Este decreto publicouse no BOP da provincia da Coruña, número 204, do 26 de outubro, así como no taboleiro de anuncios electrónico.

En data 27/10/2021 (RE núm. 202199900003632), unha aspirante solicita aclaración sobre *“as bases do proceso selectivo indicado, na que se indique a data de vixencia da normativa á que se refire o temario, e que se aplique no desenvolvemento das sucesivas probas”*.

Aínda non se determinou a data de constitución do tribunal nin de realización do primeiro exercicio.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A competencia para ditar a presente resolución -inicialmente atribuída á Alcaldía polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)- foi delegada na concelleira-delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto da Alcaldía nº 993/2019, do 24 de xuño (BOP nº 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

- 1º) Aclarar que no desenvolvemento das sucesivas probas que se realicen no proceso selectivo para a cobertura dunha praza de persoal funcionario/a de carreira de arquitecto/a vacante no cadro de persoal do concello (OEP 2020), a normativa aplicable será a vixente no momento de realización de cada exercicio.
- 2º) Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para os efectos de coñecemento xeral.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños